



Memoria económica e de transparencia do convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de Begonte para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro de acondicionamento e ampliación do local social de Carral dentro da categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca"

Expediente: CNV25-03

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da





potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e conten coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.





SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Axencia e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 2 de xuño de 2025 o concello de Begonte presentou unha solicitude de colaboración a esta Axencia para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca". Xunto coa solicitude achegou unha memoria valorada para o acondicionamento e ampliación do local social de Carral.

Ao longo dos últimos anos, a comunidade de veciños de Carral expuxo en numerosas ocasións a súa necesidade de ampliar este local social que data dos anos 90 para a organización de eventos, cursos...e outra serie de reunións. O seu uso implica a necesidade imperiosa de acometer reformas, acondicionalo e ampliálo dado que a día de hoxe resulta insuficiente para as reunións da comunidade. Todas estas actuacións garanten o uso e disfrute desta edificación en condicións óptimas de calidade construtiva.

O exposto evidencia o seu valor social e cultural o que o xustifica a necesidade manifesta do concello de preservar esta edificación pública a través da realización dunha serie de actuacións definidas no proxecto, necesarias e imprescindibles para asegurar a súa conservación. Todas estas actuacións facilitarán a relación veciñal na preservación dos valores sociais no medio rural o que incentiva a necesidade que ten esta Axencia en potenciar a súa recuperación como lugar de encontro veciñal.

- Singularidade e excepcionalidade: O exposto no proxecto destaca polo súa singularidade así como o seu valor social e cultural para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.





Neste proxecto de reforma de local social, estrutúranse e desenvólvense as actuacións que se van a levar acabo sobre elementos e realidades que son merecedoras dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

O local social característico da zona, está destinado a actividades lúdicas, culturais e educativas e constitúe un lugar de encontro e relación veciñal que incentiva o desenvolvemento da comarca.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència pública para a realización desta actuación é dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da contorna natural da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo concello de Begonte para o acondicionamento e ampliación do local social de Carral xustifícase porque nos atopamos ante un espazo público que promove a socialización e confraternización entre os veciños e constitúe un lugar de encontro e relación veciñal que incentiva o desenvolvemento da comarca e que promove a fixación de poboación nesta área rural.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. (...)
- b. (...)
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.





TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de Begonte queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.11.2026 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires de 01 de xaneiro de 2025.

- PROXECTO : Acondicionamento e ampliación do local social de Carral dentro da categoría de promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.
- ORZAMENTO: douscentos dezaseis mil catrocentos sesenta e oito euros con sesenta e seis céntimos (216.468,66 €) que serán asumidos polas partes na porcentaxe e importe que se indica a continuación:

» Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	80%	173.174,93 €
» Concello de Begonte:	20%	43.293,73 €
TOTAL	100%	216.468,66 €

A achega da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural** realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025-2026, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025-2026, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".			TOTAL
Importe	2025	2026	173.174,93 €
	43.296,00 €	129.878,93 €	

Para a execución das actuación o **concello de Begonte** achegará os importes que a continuación se detallan distribuídos nas seguintes anualidades:

Importe	2025	2026	TOTAL
	10.824,00 €	32.469,73 €	43.293,73 €

- Plan Estratégico de Galicia:





Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2026. Para os gastos correspondentes á anualidade 2025, o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2025. Para os gastos realizados comprendidos dende o 16.11.2025 o prazo de xustificación rematará o 15.11.2026.

- Orzamento xeral

Capítulo	Partidas	Importe
1	Actuacións previas, demolicións	8.460,40 €
2	Acondicionamento de terreo	2.400,88 €
3	Rede de saneamento	4.956,47 €
4	Cimentacións	25.575,41 €
5	Estrutura	14.792,56 €
6	Cuberta	28.587,83 €
7	Illamentos e impermeabilizacións	3.268,29 €
8	Fachadas e particións	3.400,22 €
9	Carpinterías e vidreiras	9.040,66 €
10	Pavimentos e falsos teitos	7.007,69 €
11	Pinturas e revestimentos	10.161,48 €
12	Fontanería e aparatos sanitarios	6.025,63 €
13	Electricidade e iluminación	4.742,75 €
14	Climatización e ventilación	4.636,73 €
15	Protección contra incendios	65,25 €
16	Seguridade e saúde	2.700,00 €
17	Control de calidade	1.350,00 €
18	Xestión de residuos	681,00 €
Orzamento de execución material		137.853,25 €





13,00% Gastos xerais	17.920,92 €
6,00 % Beneficio industrial	8.271,20 €
Base Impoñible	164.045,37 €
21 % IVE	34.449,53 €
Orzamento execución por contrata	198.494,90 €

Honorarios	Base	Retención	IVE	Subtotal
Proxecto básico e execución	5.090,00 €	763,50 €	1.068,90€	6.922,40 €
Dirección obra arquitecto e DFO	2.688,00 €	403,20 €	564,48 €	3.655,68 €
Dirección execución obra	2688,00 €	403,20 €	564,48 €	3.655,68 €
Coordinación seguridade e saúde	500,00 €	75,00 €	105,00 €	680,00 €
Proxecto instalación eléctrica	1.500,00 €	225,00 €	315,00 €	2.040,00 €
Dirección instalación eléctrica	750,00 €	157,50 €	157,50 €	1.020,00 €
Total honorarios				17.973,76 €

Orzamento execución por contrata	198.494,90 €
Total honorarios	17.973,76 €
TOTAL	216.468,66 €

- Descrición por partidas

- **Capítulo 1- Actuacións previas, demolicións**

- Demolición combinada do edificio, co amontoamento provisional que sexa necesario. Fragmentación dos entullos en pezas manexables. Limpeza final do solar. Retirada de entullos e carga sobre camión, previa clasificación dos mesmos. Transporte de entullos a entulleira autorizada.
- Canon de vertedura por entrega de residuos inertes de ladrillos, tellas e materiais cerámicos, producidos en obras de construción e/o demolición, en entulleira específica, instalación de tratamento de residuos de construción e demolición externa á obra ou centro de valorización ou eliminación de residuos.

- **Capítulo 2- Acondicionamento de terreo**

- Escavación de terras ao descuberto, en chan de arxila semidura, con medios manuais, ata alcanzar a cota de profundidade indicada no Proxecto. Mesmo refinado de paramentos e fondo de escavación, extracción de terras fóra da escavación, retirada dos materiais escavados e carga a camión.





- Transporte de terras con camión de 12 t dos produtos procedentes da escavación de calquera tipo de terreo dentro da obra, considerando o tempo de espera para a carga mecánica, ida, descarga e volta.

▪ **Capítulo 3- Rede de saneamento**

- Subministración e montaxe de arqueta de paso enterrada, de PVC.
- Subministración e montaxe de arqueta a pe de baixante enterrada, de PVC.
- Subministración e montaxe de colector enterrado de rede horizontal de saneamento con arquetas.
- Subministración e montaxe de tubaxe enterrada de drenaxe.
- Subministración e montaxe de instalación interior de fontanería para aseo con dotación para: inodoro e lavabo.
- Subministración e montaxe de instalación interior de fontanería para cociña.

▪ **Capítulo 4- Cimentacións**

- Formación de capa de formigón de limpeza e nivelado de fondos de cimentación.
- Formación de zapata corrida de cimentación, de formigón armado.
- Formación de viga de atado de formigón armado.
- Montaxe de sistema de encofrado recuperable metálico, para zapata corrida de cimentación.
- Montaxe de sistema de encofrado recuperable metálico, para zapata de cimentación.
- Montaxe de sistema de encofrado recuperable metálico, para viga de atado.
- Presolera de formigón armado de 3 cm de espesor, realizada con formigón.
- Formación de forxado sanitario de formigón armado de 30+5 cm de canto total, sobre encofrado perdido de pezas de polipropileno reciclado, C-30 "CÁVITI", realizado con formigón.
- Formación de recrecido alixeirado de formigón armado de 5+5 cm de espesor, sobre encofrado perdido de pezas de polipropileno reciclado, C-5 "CÁVITI", de 580x400x50 mm, cor negra, realizado con formigón.
- Subministración e instalación de toma de terra composta por pica de aceiro cobreado de 2 m de lonxitude, fincada no terreo.

▪ **Capítulo 5- Estrutura**

- Execución de muro de carga de 19 cm de espesor de fábrica armada de bloque de termoarcilla.





- Subministración e colocación de cercha de gran escuadra de ata 8 m de luz.
- Subministración e colocación de correa de madeira laminada encolada homoxénea, de 33 ó 45 mm de espesor das láminas e sección constante, para aplicacións estruturais.
- Formación de piar de sección rectangular ou cadrada de formigón armado, de 30x30 cm de sección media, realizado con formigón.
- Formación de zuncho de apoio de forxado de formigón armado, realizado con formigón.
- Formación de laxa inclinada de formigón armado, realizada con formigón.
- Formación de soleira de formigón armado de 15 cm de espesor, realizada con formigón.

▪ **Capítulo 6- Cuberta**

- Panel sándwich machihembrado, composto de: cara exterior de tableiro de aglomerado hidrófugo de 16 mm de espesor, núcleo illante de espuma de poliestireno extruído de 80 mm de espesor e cara interior de friso de abeto natural, de 13 mm de espesor, de 2500x600 mm, sobre armazón estrutural; COBERTURA: lousa para teitar en pezas rectangulares, 32x22 cm, de segunda calidade, groso 3 a 4 mm, colocadas formando tres espesores (cuberta terciada), e fixadas sobre rastreles de madeira de piñeiro de 42x27 mm.
- Subministración e montaxe de canlón circular de aceiro galvanizado, de desenvolvemento 280 mm, para recollida de augas.
- Baixante exterior da rede de evacuación de augas pluviais, formada por tubo de PVC.
- Formación de impermeabilización de muro de soto ou estrutura enterrada, pola súa cara exterior, mediante lámina de betume modificado con elastómero SBS.
- Subministración e colocación de illamento térmico vertical de soleiras en contacto co terreo.
- Subministración e colocación de illamento térmico horizontal de soleiras en contacto co terreo.
- Subministración e colocación de illamento polo interior en cerramento de dobre folla de fábrica para revestir formado por panel ríxido de poliestireno extruído.

▪ **Capítulo 07- Illamento e impermeabilización**

- Formación de impermeabilización de muro de soto ou estrutura enterrada, pola súa cara exterior.
- Subministración e colocación de illamento térmico vertical de soleiras en contacto co terreo.
- Subministración e colocación de illamento térmico horizontal de soleiras en contacto co terreo.





- Subministración e colocación de illamento polo interior en cerramento de dobre folla de fábrica para revestir formado por panel ríxido de poliestireno extruído.

- **Capítulo 08- Fachadas e particións**

- Formación de folla de partición interior de 8 cm de espesor de fábrica, de ladrillo cerámico oco (cubo), para revestir, 24x11,5x8 cm, recibida con morteiro de cemento industrial, cor gris, M-5, fornecido a granel.
- Execución de folla interior de cerramento de fachada de 8 cm de espesor, de fábrica de ladrillo cerámico oco (cubo), para revestir, 24x11,5x8 cm, recibida con morteiro de cemento industrial, cor gris, M-5, fornecido a granel.

- **Capítulo 09- Carpinterías e vidreiras**

- Subministración e colocación de dobre acristalamento tépedo, de baixa emisividade térmica ao exterior e laminar ao interior.
- Subministración e montaxe de carpintería de aluminio, lacado estándar, con 60 micras de espesor mínimo de película seca, para conformado de porta de aluminio, abisagrada practicable de apertura cara ao interior, de 170x210 cm.
- Subministración e montaxe de carpintería de aluminio, lacado estándar, con 60 micras de espesor mínimo de película seca, para conformado de xanela de aluminio, abisagrada practicable de apertura cara ao interior, de 140x120 cm ,75x120 cm.
- Subministración e montaxe de carpintería de aluminio, lacado estándar, con 60 micras de espesor mínimo de película seca, para conformado de fixo de aluminio, de 60x210 cm.
- Subministración e colocación de porta de paso cega, dunha folla de 203x82,5x3,5 cm, de taboleiro aglomerado, chapado con piñeiro país, vernizada en taller, con plafóns de forma recta; precerco de piñeiro país de 90x35 mm; galces de MDF, con rechapado de madeira, de piñeiro país de 90x20 mm; tapaxuntas de MDF, con rechapado de madeira, de piñeiro país de 70x10 mm en ambas as caras.
- Subministración e colocación de porta de paso cega, de dúas follas de 203x82,5x3,5 cm, de taboleiro aglomerado, chapado con piñeiro país, vernizada en taller, con plafóns de forma recta; precerco de piñeiro país de 90x35 mm; galces de MDF, con rechapado de madeira, de piñeiro país de 90x20 mm; tapaxuntas de MDF, con rechapado de madeira, de piñeiro país de 70x10 mm en ambas as caras.
- Subministración e colocación de varanda de aceiro inoxidable.

- **Capítulo 10- Pavimentos e falsos teitos**





- Subministración e execución de pavimento mediante o método de colocación en capa grossa, de baldosas cerámicas de gres esmaltado.
- Subministración e colocación de rodapé cerámico de gres porcelánico.
- Capa fina de pasta niveladora de chans.
- Subministración e colocación de felpudo encastrado de rizos de vinilo entrelazados, cor azul, espesor total 14 mm.
- Subministración e formación de falso teito continuo suspendido.
- Subministración e colocación de pavimento de baldosas de granito Gris Mondariz, para exteriores.

▪ **Capítulo 11- Pinturas e revestimentos**

- Formación de revestimento continuo de morteiro de cemento M-5, maestreado, de 15 mm de espesor
- Formación de revestimento continuo interior de xeso, maestreado, sobre paramento vertical interior, de ata 3 m de altura, de 15 mm de espesor así como outro de 3mm de espesor.
- Subministración e colocación de alicatado con gres esmaltado.
- Formación de capa de pintura plástica con textura lisa, cor branca, acabado mate, sobre paramentos horizontais e verticais interiores de xeso ou escaiola.
- Formación en fachadas de capa de acabado para revestimentos continuos bicapa con pintura plástica, cor branca, textura lisa.

▪ **Capítulo 12- Fontanería e aparatos sanitarios**

- Subministración e instalación de contador de auga fría de lectura directa, de chorro simple.
- Subministración e montaxe de instalación interior de fontanería para aseo con dotación para: inodoro e lavabo.
- Subministración e montaxe de instalación interior de fontanería para cuarto húmido con 2 tomas de auga e chave de paso.
- Subministración e colocación de barra de suxeición para minusválidos, rehabilitación e terceira idade, para inodoro.
- Subministración e instalación de lavabo de porcelana sanitaria sobre encimeira, gama básica, cor branca.
- Subministración e instalación de cunca de inodoro con tanque integrado, de porcelana sanitaria, para montaxe suspendida, cor branca, con asento de inodoro extraíble e antiescorregadizo e tapa.
- Subministración e instalación de inodoro de porcelana sanitaria con tanque baixo, gama básica, cor branca, composto de cunca, asento, tapa especial, mecanismo de dobre descarga.
- Subministración e instalación de acumulador de aceiro vitrificado, de chan, 300 l.
- Subministración e instalación de fosa séptica de polietileno de alta densidade.





- **Capítulo 13- Electricidade e iluminación**
 - Instalación eléctrica e iluminación segundo proxecto independente.

- **Capítulo 14- Climatización e ventilación**
 - Subministración e instalación de extractor para baño formado por ventilador helicoidal extraplano.
 - Subministración e instalación de conduto circular de parede simple helicoidal de aceiro galvanizado.
 - Subministración e montaxe de reixa de intemperie para instalacións de ventilación, marco frontal e lamas de chapa perfilada de aceiro galvanizado.
 - Subministración e instalación no interior da campá de extractor de cociña.
 - Subministración e montaxe de sombrerete contra a choiva de chapa galvanizada.
 - Subministración e colocación de cheminea individual modular metálica.
 - Subministración e instalación de unidade de exterior e unidade de interior de aire acondicionado.

- **Capítulo 15- Protección contra incendios**
 - Subministración e colocación de extintor portátil de po químico ABC polivalente antibrasa, con presión incorporada, de eficacia 21A-144B-C, con 6 kg de axente extintor, con manómetro e manguera con embocadura difusora.

- **Capítulo 16- Seguridade e saúde**
 - Partida para medidas de seguridade e saúde, segundo prescricións do Estudo Básico de Seguridade e Saúde segundo Real Decreto 1627/1997 do 24 de Outubro.

- **Capítulo 17- Control de calidade**
 - Partida para realización do Plan de Control de Calidade na Obra, incluíndo control de recepción de produtos, control da execución, e control da obra terminada segundo Decreto 232/1993 do 30 de setembro de Control de Calidade na Edificación na comunidade autónoma de Galicia e RD 314/2006, do 17 de marzo polo que se aproba o CTE modificado por RD 1371/2007.

- **Capítulo 07- Xestión de residuos**
 - Partida para cumprimento do Plan de Xestión de Residuos, segundo prescricións do Real Decreto 105/2008.





Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
- Informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
M^a Paz Rodríguez Rivera

